



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS PIANO E GUITARRA

MATERIA: PIANO COMPLEMENTARIO

INTRODUCCIÓN

Para calqueira músico, a práctica dun instrumento polifónico é un complemento de moito valor, unha ferramenta de traballo de indubidable eficacia que lle ofrecerá a posibilidade de entrar nunca partitura polifónica máis ou menos complexa, captándoa globalmente, nas súas dimensións vertical e horizontal e convertíndoa de inmediato nunca realidade sonora. O desenvolvemento da audición interna verase favorecida tamén e reforzado polo feito de escoltar inmediatamente o piano, cómo sona en realidade, o que imaxinamos na nosa mente a partir da escritura.

Os instrumentos de grande capacidade polifónica son os de teclado, e o piano é o idóneo para cubrir esta función complementaria. Ademais da súa gran capacidade polifónica, ten a vantaxe de que a aprendizaxe nos seus inicios é relativamente fácil xa que non presenta os problemas dalgúns instrumentos de corda ou vento en canto a afinación, embocadura, respiración, etc, e por último a grande amplitude de rexistro e riqueza dinámica que posúe o piano é a efectos prácticos equiparable a la orquestra sinfónica.

Por todo o antes exposto, a ensinanza do Piano Complementario non se orientará só ó desenvolvemento dunha capacidade técnica, senón a potenciar tamén outros aspectos, como son a percepción global da polifonía, audición interna, habilidade da lectura a primeira vista, etc. Por suposto hai que ter en conta que a capacidade de realización ó teclado estará sempre condicionada polo grao de dominio alcanzado nesta materia estará moi por debaixo da que se en normalmente cos pianistas. Desta forma, poderá cumprir o piano a desexada función complementaria na educación de todo profesional da música.

A ensinanza desta materia no Grao Superior supón unha continuación do xa traballado nos catro cursos de Grao Medio, debendo tomar como referencia de continuidade, o último curso do mencionado Grao (2º curso do 2º ciclo) para desenvolver os obxectivos e contados da materia. No Grao Superior desenvolveranse aspectos traballados xa no Grao Medio, pero cun nivel de esixencia maior.

A materia consta de 3 cursos ó longo do Grao Superior.

OBXECTIVOS

- Coñecer as distintas posibilidades do instrumento.
- Adquirir un grao de destreza na execución que permita desenvolverse ca maior soltura posible no teclado, enfrontándose ás dificultades que presenta o nivel da materia.
- Alcanzar progresivamente rapidez de reflexos na lectura á primeira vista.
- Ler con fluidez partituras polifónicas con plena comprensión das súas fórmulas harmónicas así como dos seus aspectos lineais ou contrapuntísticos.



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS PIANO E GUITARRA

MATERIA: PIANO COMPLEMENTARIO

CONTIDOS

- Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, ligada a un principio de utilización consciente do peso do brazo.
- Planificación do traballo da técnica tendo en conta os factores que a determinan: independencia de dedos, velocidade, forza e resistencia nos movementos de articulación dos dedos, caída e lanzamento do antebrazo e brazo, movementos de rotación e circulares da man e pulso, desprazamentos laterais, etc.
- Principios da dixitación pianística.
- Práctica dos diversos modos de pulsación ou ataques posibles, en función sempre da dinámica, o fraseo e o sentido xeral do fragmento do que se trata.
- Desenvolvemento dunha técnica polifónica básica. E lectura contrapuntística a dous e incluso a tres voces.
- Coñecemento dos pedais e as súas funcións.
- Práctica intensiva da lectura a primeira vista.
- Lectura harmónica (lectura de acordes, series de acordes enlazados, acordes despregados en toda a súa variedade de presentacións posibles tales como fórmulas do tipo “baixo Alberti”, acordes partidos despregados de diferentes maneiras, arpexados, etc).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Ler textos a primeira vista. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumno para desenvolverse con certo grao de autonomía na lectura dun texto musical.
- Capacidade para tocar en público.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual. Con isto preténdese verificar que os alumnos son capaces de aplicar no seu estudo as indicacións dos mestres, e con elas, desenvolver unha autonomía de traballo que lles permita unha certa valoración do seu rendemento.
- Interpretar obras dacordo cos criterios do estilo correspondente. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumno para utilizar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar ó mesmo tempo que éste, e de adaptarse ó resto dos instrumentos ou voces. Aquí préstase atención á capacidade do alumno de adaptarse musical e sonoramente ós demais compañeiros para realizar un traballo común.
- Chegar a través da análise a estrutura harmónica interna dun fragmento de partitura para teclado. Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumno para utilizar a análise como medio para chegar á estrutura harmónica subyacente dun fragmento de música e determinar os diferentes tratamentos á que é sometida polo compositor para realizar a obra.



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS PIANO E GUITARRA

MATERIA: PIANO COMPLEMENTARIO

- Lectura simplificada de obras ou fragmentos con disposicións harmónicas tipicamente pianísticas (arpexos, etc). Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade e rapidez do alumno na realización de pasaxes harmónicas simples, pero de execución relativamente complicada.
- Interpretación dunha partitura participando dentro dun grupo de instrumentos ou acompañando a un solista. Trátase de avaliar o grao de desenvolvemento dos reflexos e demais cualidades que son estimuladas no alumno a través da lectura improvisada formando parte dun grupo de instrumentistas ou no acompañamento a un solista vocal e instrumental.
- Mostrar unha regularidade no estudo do piano, o longo do curso.

A ensinanza desta disciplina no Grao Superior supón a continuación do xa traballado no Grao Medio, debendo tomar como referencia de continuidade o último curso do mencionado Grao para desenvolver os obxectivos e contidos da materia. Como a mesma vai dirixida a alumnos de instrumentos monódicos, debe de ser un complemento na súa formación musical.

O obxectivo do Piano Complementario non é só o desenrolo da técnica pianística, senón tamén traballar sobre as posibilidades que o piano nos ofrece como:

- A súa capacidade polifónica
- O rexistro que o piano ofrece é equiparable ó da orquestra
- A súa riqueza dinámica posibilita un desenrolo elaborado na emisión do son, etc.

O dominio da técnica supón entre outros, ampliar a facilidade para executar obras polifónicas e doutros estilos, e como a esixencia técnico-interpretativa ha de ser distinta do piano como instrumento principal; a metodoloxía tamén o será.

No Grao Superior desenvolveranse aspectos xa traballados no Grao Medio pero cun nivel de esixencia maior.

XERALIDADES

Como a materia non estivo presente no último ciclo de Grao Medio, atopámonos con alumnos de características moi diferentes: uns que fixeron un traballo excelente e cos que podemos continuar o anteriormente estudado, e outros que xa esqueceron case completamente as características e técnica do instrumento, polo tanto, o traballo a facer é moi distinto con cada un deles.

1.Importancia do estudo da Polifonía:

O gran mestre da escola polifónica é J. S. Bach. A súa obra é fundamental no estudo do piano xa que nos presenta o traballo polifónico, básico para o desenrolo do oído do alumno que deberá seguir ca maior claridade auditiva o fraseo e a liña melódica de cada unha das voces, a independencia dos dedos para poder tocar unha ou máis notas mentres outra ou outras se aguantan e a coordinación. Bach ensínanos a traballar estes aspectos a través da súa escola polifónica comezando cunha xoia do estilo barroco como é o



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS PIANO E GUITARRA

MATERIA: PIANO COMPLEMENTARIO

“Álbum de Ana Magdalena Bach” ,que contén obras moi diversas que presentan xa de maneira elemental a imitación de voces, o canon, a polifonía, etc, despois cos Pequenos Preludios” onde a execución vaise complicando pouco a pouco , as “Invencións a dous e tres voces”, etc.

A finalidade principal nunha escritura polifónica é oír e entender ca máxima claridade posible o fraseo de todas e cada unha das voces. Explicaremos brevemente ó alumno algunhas das regras fundamentais da interpretación da música barroca para que se empece a familiarizar cas características deste estilo.

O Barroco tivo dous grandes correntes: o estilo Francés e o estilo Italo-Germánico.

Non lle falaremos en profundidade das diferencias que caracterizan cada unha destas vertentes pero dirémoslle algúns dos puntos de fraseo e articulación que son comúns.

Hai dúas maneiras básicas de enlazar dúas ou máis notas: legato e staccato (precisaremos que cando se fala de tocar staccato na música barroca non nos referimos ó picado que converte a nota na metade do seu valor, podíamos indicalo cun signo que sería unha raia enriba da nota (-), é dicir, un pouco apoiado, con peso do brazo e respirando un pouco antes de tocar a nota seguinte, sería o non legato) Se tocamos todos os valores da partitura xa sean largos (negras, brancas, redondas...) ou curtos (corcheas, semicorcheas) igualmente en legato ou staccato, non haberá contraste na articulación, polo tanto ningunha voz destacará sobre as outras e o conxunto será confuso e chan. Recoméndase non atacar nin saír das notas en staccato nin ca muñeca nin co antebrazo para evitar unha entrada ou saída brusca na emisión do son. O efecto de apoio e coxín sonoro que requiren as notas largas pódese conseguir cun xesto de entrada e saída do brazo con máis ou menos peso segundo se toque forte ou piano.

A improvisación era un aspecto activo e constante na música de teclado. Cada intérprete podía variar e combinar os múltiples matices de fraseo e ornamentación segundo o seu xesto persoal, o instrumento que tiña ó seu alcance e sobre todo o estado de ánimo de cada momento.

O alumno debe de saber que vai a estudar unha obra cun instrumento para o cal non foi concibida. Non trataremos de imitar entón o son doutros instrumentos para teclado da época barroca como o clavicémbalo ou clavicordio, senón que trataremos de achegarnos mediante os coñecementos técnicos, estilísticos e simbólicos ó espírito da música barroca.

2. Lectura a Primeira Vista

A práctica da lectura a primeira vista é fundamental na formación do músico. Hai quen despois dun gran traballo tocan moi ben obras de dificultade pero cando se lles pide ler un simple acompañamento ou sinxela peza que non coñecen, atópanse cun problema serio.

Incorporar a lectura a primeira vista como parte normal da ensinanza reforzará as capacidades de lectura dos alumnos. Neste curso empezaremos con obras moi sinxelas, e iremos aumentando progresivamente a dificultade das mesmas.



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS PIANO E GUITARRA

MATERIA: PIANO COMPLEMENTARIO

3. Estudos e exercicios técnicos

O traballo das escalas, arpexios e acordes encádrase dentro da técnica base para o coñecemento do piano, que ademais refórzase cos estudos. Así mesmo realizaranse enlaces harmónicos básicos que correspondan a cada ton de escala traballando.

4. Interpretación de obras

Interpretar en clase e en público obras adecuadas ó seu nivel, de piano solo, catro mans ou acompañando ó seu propio instrumento dará ó alumno unha medida do grao de asimilación do estudo do piano, do cal non ten unha referencia tan clara como do seu propio instrumento, o que no só lle axudará a asimilar conceptos harmónicos, senón que servirá de referencia para o grao de asimilación técnico, musical e interpretativo necesario para tocar en público en calqueira ámbito.



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS PIANO E GUITARRA

MATERIA: PIANO COMPLEMENTARIO

CURSO 1º

PRIMEIRO CUADRIMESTRE:

Traballaremos escalas, arpexios e acordes coidando a técnica da súa execución. Así mesmo realizaranse enlaces harmónicos básicos que correspondan a cada ton de escala traballado .

O traballo das escalas acompañarémolo facendo os acordes das seguintes estruturas harmónicas I – V – I y I – IV – V – I, das escalas que estamos traballando. Poremos igual atención á técnica da súa execución e correcta dixitación.

Traballarase un Estudo (que poderá ser substituído por un número equivalente en extensión e dificultade en exercicios técnicos curtos), pódese consultar na relación de estudos e obras orientativas de cada curso.

Ademais da interpretación dun estudo o alumno interpretará como mínimo dúas obras para piano, unha delas de estilo barroco dun nivel de dificultade adecuada ó primeiro curso e a outra elixida entre: piano a catro mans, piano solo ou acompañamento de piano ó seu propio instrumento ou voz.

Interpretación dunha obra en público.

SEGUNDO CUADRIMESTRE:

Traballo de escalas, arpexios e acordes e enlaces harmónicos facendo os acordes das seguintes estruturas harmónicas I – V – I y I – IV – V – I, das tonalidades das escalas que estamos traballando.

Un Estudo (que poderá ser substituído por un número equivalente en extensión e dificultade en exercicios técnicos curtos), pódese consultar na relación de estudos e obras orientativas de cada curso.

Ademais da interpretación dun estudo o alumno interpretará unha obra para piano, elixida entre piano a 4 mans, piano solo, ou acompañamento de piano ó seu propio instrumento ou voz.

Interpretación dunha obra en público

OBRAS ORIENTATIVAS

Estudos:

- Estudos de F.Burgmüller op 100.
- Estudos de Czerny op 599 (El primer maestro del piano)
- A dozen a day .Volumen 1.Edna M. Burnam. Editorial Real Musical.

Polifónicas:

- Album de Ana Magdalena
- Pequenos Preludios de J. S. Bach



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS PIANO E GUITARRA

MATERIA: PIANO COMPLEMENTARIO

Clásicas:

- Sonatinas de M. Clementi, Kuhlau, Diabelli, etc.

Románticas:

- Album de la Juventud de Schumann, etc.

Contemporáneas:

- Mikrokosmos de Bela Bartok
- Selección de pezas del vol. 2 de Birgisson

Españolas:

- Selección de pezas do Album de Colien

AVALIACIÓN

- A avaliación será continua e repartida en cuatrimestres. Abarcará o traballado durante todo o curso e o alumno deberá desenvolverse dentro duns requisitos mínimos esixidos, que figuran ó final desta programación.
- Valorarase a regularidade no traballo durante o curso.
- Cada cuatrimestre o alumno/a interpretará ó menos unha obra en público. Non superar este obxectivo suporá a interpretación de dúas obras no segundo cuatrimestre.
- Na convocatoria de Setembro o alumno interpretará todo o programa da seguinte forma: interpretará en público 2 obras, e o resto do programa (restantes obras e escalas, arpexios e enlaces) cada alumno ó seu mestre de Piano Complementario. Se as obras a interpretar son de 4 mans, acompañamento ó seu propio instrumento ou grupo, que requiran a presenza doutros instrumentistas ou instrumentos cada alumno encargarse de traelos.



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS PIANO E GUITARRA

MATERIA: PIANO COMPLEMENTARIO

CURSO 2º

PRIMEIRO CUADRIMESTRE:

Traballaremos escalas, arpexios e acordes coidando a técnica da súa execución. Así mesmo realizaranse enlaces harmónicos básicos que correspondan a cada ton de escala traballado

O traballo das escalas acompañarémolo facendo os acordes das seguintes estruturas harmónicas I – V – I y I – IV – V – I, das escalas que estamos traballando. Poremos igual atención á técnica da súa execución e correcta dixitación.

Traballarase un Estudo (que poderá ser substituído por un número equivalente en extensión e dificultade en exercicios técnicos curtos), pódese consultar na relación de estudos e obras orientativas de cada curso.

Ademais da interpretación dun estudo o alumno interpretará como mínimo dúas obras para piano, unha delas de estilo barroco dun nivel de dificultade adecuada ó curso e a outra elixida entre: piano a catro mans, piano solo ou acompañamento de piano ó seu propio instrumento ou voz.

Interpretación dunha obra en público.

SEGUNDO CUADRIMESTRE:

Traballo de escalas, arpexios e acordes e enlaces harmónicos facendo os acordes das seguintes estruturas harmónicas I – V – I y I – IV – V – I, das tonalidades das escalas que estamos traballando.

Un Estudo (que poderá ser substituído por un número equivalente en extensión e dificultade en exercicios técnicos curtos), pódese consultar na relación de estudos e obras orientativas de cada curso.

Ademais da interpretación dun estudo o alumno interpretará unha obra para piano, elixida entre piano a 4 mans, piano solo, ou acompañamento de piano ó seu propio instrumento ou voz.

Interpretación dunha obra en público

OBRAS ORIENTATIVAS

Estudos:

- Estudos de Bertini op 100.
- Estudos de Lemoine op 37
- A dozen a day .Volumen 2..Edna M. Burnam. Editorial Real Musical.

Polifónicas:

- Pequenos Preludios de J. S. Bach
- Sonatas do Padre Soler



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS PIANO E GUITARRA

MATERIA: PIANO COMPLEMENTARIO

Clásicas:

- Sonatinas de M. Clementi, Beethoven, Kuhlau, Diabelli, etc.

Románticas:

- Album de la Juventud de Schumann, etc.
- Preludios de Chopin

Contemporáneas:

- Mikrokosmos de Bela Bartok
- Álbum para la Juventud Op. 39 de Kabalewski
- Obras de Jazz, Blues, etc.

Españolas:

- Piezas do Album de Colien, Granados, Albéniz, etc...

AVALIACIÓN

- A avaliación será continua e repartida en cuatrimestres. Abarcará o traballado durante todo o curso e o alumno deberá desenvolverse dentro duns requisitos mínimos esixidos, que figuran ó final desta programación.
- Valorarase a regularidade no traballo durante o curso.
- Cada cuatrimestre o alumno/a interpretará ó menos unha obra en público. Non superar este obxectivo suporá a interpretación de dúas obras no segundo cuatrimestre.
- Na convocatoria de Setembro o alumno interpretará todo o programa da seguinte forma: interpretará en público 2 obras, e o resto do programa (restantes obras e escalas, arpexios e enlaces) cada alumno ó seu mestre de Piano Complementario. Se as obras a interpretar son de 4 mans, acompañamento ó seu propio instrumento ou grupo, que requiran a presenza doutros instrumentistas ou instrumentos cada alumno encargarse de traelos.



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS PIANO E GUITARRA

MATERIA: PIANO COMPLEMENTARIO

CURSO 3º

PRIMEIRO CUADRIMESTRE:

Traballaremos escalas, arpexios e acordes coidando a técnica da súa execución.

Así mesmo realizaranse enlaces harmónicos básicos que correspondan a cada ton de escala traballado .

O traballo das escalas acompañarémolo facendo os acordes das seguintes estruturas harmónicas I – V – I ; I – IV – V – I , I, II, V, I, y I,IV,I,V(2ª inv),I das escalas que estamos traballando.

Poremos igual atención á técnica da súa execución e correcta dixitación.

Traballarase un Estudo (que poderá ser substituído por un número equivalente en extensión e dificultade en exercicios técnicos curtos), pódese consultar na relación de estudos e obras orientativas de cada curso.

Ademais da interpretación dun estudo o alumno interpretará como mínimo dúas obras para piano, unha delas de estilo barroco dun nivel de dificultade adecuada ó curso e a outra elixida entre: piano a catro mans, piano solo ou acompañamento de piano ó seu propio instrumento ou voz.

Interpretación dunha obra en público.

SEGUNDO CUADRIMESTRE:

Traballo de escalas, arpexios e acordes e enlaces harmónicos facendo os acordes das seguintes estruturas harmónicas I – V – I ; I – IV – V – I ; I, II, V, I, y I,IV,I,V(2ª inv),I das tonalidades das escalas que estamos traballando.

Un Estudo (que poderá ser substituído por un número equivalente en extensión e dificultade en exercicios técnicos curtos), pódese consultar na relación de estudos e obras orientativas de cada curso.

Ademais da interpretación dun estudo o alumno interpretará unha obra para piano, elixida entre piano a 4 mans, piano solo, ou acompañamento de piano ó seu propio instrumento ou voz.

Interpretación dunha obra en público

OBRAS ORIENTATIVAS

Estudios:

- Estudios de Bertini op 100.
- Estudios de Czerny op 636
- A dozen a day .Volumen 3..Edna M. Burnam. Ed. Real Musical.



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS PIANO E GUITARRA

MATERIA: PIANO COMPLEMENTARIO

Polifónicas:

- Invencions a 2 voces de J. S. Bach
- Sonatas do Padre Soler

Clásicas:

- Sonatinas de M. Clementi, Beethoven, Kuhlau, Diabelli, etc.

Románticas:

- Album de la Juventud de Schumann, etc.
- Preludios de Chopin

Contemporáneas:

- Mikrokosmos de Bela Bartok
- Álbum para la Juventud Op. 39 de Kabalewski
- Obras de Jazz, Blues, etc.

Españolas:

- Piezas do Album de Colien, Granados, Albéniz, etc...

AVALIACIÓN

- A avaliación será continua e repartida en cuatrimestres. Abarcará o traballado durante todo o curso e o alumno deberá desenvolverse dentro duns requisitos mínimos esixidos, que figuran ó final desta programación.
- Valorarase a regularidade no traballo durante o curso.
- Cada cuatrimestre o alumno/a interpretará ó menos unha obra en público. Non superar este obxectivo suporá a interpretación de dúas obras no segundo cuatrimestre.
- Na convocatoria de Setembro o alumno interpretará todo o programa da seguinte forma: interpretará en público 2 obras, e o resto do programa (restantes obras e escalas, arpexios e enlaces) cada alumno ó seu mestre de Piano Complementario. Se as obras a interpretar son de 4 mans, acompañamento ó seu propio instrumento ou grupo, que requiran a presenza doutros instrumentistas ou instrumentos cada alumno encargarse de traelos.



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS PIANO E GUITARRA

MATERIA: PIANO COMPLEMENTARIO

REQUISITOS MÍNIMOS

CURSO 1º

- Tocar en publico ó menos unha obra cada cuadrimestre, na semana de audicións. A non superación deste obxectivo suporá a interpretación de dúas obras en público no 2º cuadrimestre
- Valorarase o traballo e a asistencia regular a clase durante o curso.
- Na convocatoria de setembro o alumno interpretará todo o programa da seguinte forma: en publico 2 obras e o resto do programa ó seu mestre de pc. Se as obras a interpretar son a 4 mans , acompañamento ó seu propio instrumento ou grupo, e requiren a presenza doutros instrumentistas ou instrumentos, cada alumno encargarse de traelos

1º CUADRIMESTRE:

- Interpretación de 2 obras para piano, unha delas barroca, outra de libre elección (elixida entre: piano solo, 4 mans ou acompañamento de piano ó seu propio instrumento ou voz)
- Interpretación dun estudo. (Poderá ser substituído por un número equivalente en extensión e dificultade de exercicios técnicos curtos)
- Estudio de escalas, arpexios e acordes e as estruturas harmónicas: I – V – I y I – IV – V – I , das tonalidades correspondentes ás escalas realizadas.
- Lectura a 1ª vista

2º CUADRIMESTRE:

- Interpretación dunha obra para piano (elixida entre: piano solo, 4 mans ou acompañamento de piano ó seu propio instrumento ou voz)
- Interpretación dun estudo. (Poderá ser substituído por un número equivalente en extensión e dificultade de exercicios técnicos curtos)
- Estudio de escalas, arpexios e acordes e as estruturas harmónicas: I – V – I y I – IV – V – I , das tonalidades correspondentes ás escalas realizadas.
- Lectura a 1ª vista



DEPARTAMENTO DE PROCEDIMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS PIANO E GUITARRA

MATERIA: PIANO COMPLEMENTARIO

CURSO 2º

- Tocar en publico ó menos unha obra cada cuadrimestre, na semana de audicións. A non superación deste obxectivo suporá a interpretación de dúas obras en público no 2º cuadrimestre
- Valorarase o traballo e a asistencia regular a clase durante o curso.
- Na convocatoria de setembro o alumno interpretará todo o programa da seguinte forma: en publico 2 obras e o resto do programa ó seu mestre de pc. Se as obras a interpretar son a 4 mans , acompañamento ó seu propio instrumento ou grupo, e requiren a presenza doutros instrumentistas ou instrumentos, cada alumno encargarse de traelos.

1º CUADRIMESTRE:

- Interpretación de 2 obras para piano, unha delas barroca, outra de libre elección (elixida entre: piano solo, 4 mans ou acompañamento de piano ó seu propio instrumento ou voz)
- Interpretación dun estudo. (Poderá ser substituído por un número equivalente en extensión e dificultade de exercicios técnicos curtos)
- Estudo de escalas, arpexios e acordes e as estruturas harmónicas: I – V – I / I – IV – V – I , y I ,II, V, I das tonalidades correspondentes ás escalas realizadas.
- Lectura a 1ª vista

2º CUADRIMESTRE:

- Interpretación dunha obra para piano (elixida entre: piano solo, 4 mans ou acompañamento de piano ó seu propio instrumento ou voz)
- Interpretación dun estudo. (Poderá ser substituído por un número equivalente en extensión e dificultade de exercicios técnicos curtos)
- Estudo de escalas, arpexios e acordes e as estruturas harmónicas: I – V – I / I – IV – V – I , y I ,II, V, I das tonalidades correspondentes ás escalas realizadas.
- Lectura a 1ª vista



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS PIANO E GUITARRA

MATERIA: PIANO COMPLEMENTARIO

CURSO 3º

- Tocar en publico ó menos unha obra cada cuadrimestre, na semana de audicións. A non superación deste obxectivo suporá a interpretación de dúas obras en público no 2º cuadrimestre
- Valorarase o traballo e a asistencia regular a clase durante o curso.
- Na convocatoria de setembro o alumno interpretará todo o programa da seguinte forma: en publico 2 obras e o resto do programa ó seu mestre de pc. Se as obras a interpretar son a 4 mans , acompañamento ó seu propio instrumento ou grupo, e requiren a presenza doutros instrumentistas ou instrumentos, cada alumno encargarse de traelos.

1º CUADRIMESTRE:

- Interpretación de 2 obras para piano, unha delas barroca, outra de libre elección (elixida entre: piano solo, 4 mans ou acompañamento de piano ó seu propio instrumento ou voz)
- Interpretación dun estudo. (Poderá ser substituído por un número equivalente en extensión e dificultade de exercicios técnicos curtos)
- Estudo de escalas, arpeixos e acordes e as estruturas harmónicas: I – V – I / I – IV – V – I /, I, II, V, I y I, IV, I, (2ª INV), V I das tonalidades correspondentes ás escalas realizadas.
- Lectura a 1ª vista

2º CUADRIMESTRE:

- Interpretación dunha obra para piano (elixida entre: piano solo, 4 mans ou acompañamento de piano ó seu propio instrumento ou voz)
- Interpretación dun estudo. (Poderá ser substituído por un número equivalente en extensión e dificultade de exercicios técnicos curtos)
- Estudo de escalas, arpeixos e acordes e as estruturas harmónicas: I – V – I / I – IV – V – I /, I, II, V, I y I, IV, I, (2ª INV), V I das tonalidades correspondentes as escalas realizadas.
- Lectura a 1ª vista



DEPARTAMENTO DE PROCEDEMENTOS AUDITIVOS E INSTRUMENTAIS

TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS PIANO E GUITARRA

MATERIA: PIANO COMPLEMENTARIO

OBRAS ORIENTATIVAS:

ESTILO BARROCO:

1º CURSO

- Álbum de Ana Magdalena Bach

2º CURSO

- Pequenos preludios y fugas . J.S.Bach

3 º CURSO

- Invencions a 2 voces. J.S.Bach

ESTUDOS :

1 º CURSO

- Estudos de F.Burgmüller op 100.
- Estudos de Czerny op 599 (El primer maestro del piano)
- A dozen a day .Volumen 1” Edna M. Burnam. Editorial Real Musical.

2º CURSO

- Estudos de Bertini op 100.
- Estudos de Lemoine op 37
- A dozen a day .Volumen 2”.Edna M. Burnam. Editorial Real Musical

3º CURSO

- Estudos de Bertini op 100.
- Estudos de Czerny op 636
- A dozen a day .Volumen 3”.Edna M. Burnam. Editorial Real Musica

OBRAS LIBRE ELECCION

- Según criterio do mestre.